

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE ABRIL DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

2330/07.- Santiago Corral Portela.- Viv. unif. en Rúa das Tornas, Aríns.-

1586/06.- Construcciones Ramos Freita.- Modificación de licenza de construción de edificio na R/ García Prieto núm.13.-

692/07.- Mercedes Rey Domínguez.- Edificio (5 viv., 3 estudos) na R/ Altiboia núm.14.-

290/06.- Construcciones Ruafer, S.A.- Modificación de licenza de edificio na R/ Sánchez Freire núm.20-30-32.-

2082/06.- José Bastón Nieto.- Nave industrial, sen uso específico, na parcela B-2 do SUNP-34 de Boisaca.-

31/08.- Comunidade de Propietarios de Locais da Vía Edison núm.2.- Reforma de cuberta e canalón na citada edificación.

331/08.- Comunidade de Propietarios do edificio sito na R/ García Prieto, 55-57.- Instalación dun ascensor na R/ García Prieto núm.55-57.-

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
Concédense axudas por importe de 2.317 euros.

5 a 74.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
Concédense os devanditos impostos.

75.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas á estimación parcial de recursos de reposición.
Estímase parcialmente o recurso.

76.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas á solicitudes de exención no Imposto sobre Bens Inmobles.
Estímase parcialmente o recurso.

77.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.
Acórdase apoiar o proxecto empresarial COMARCA 54 como iniciativa local de emprego.

78.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a aprobación inicial de axuda para elementos especiais de madeira.
Apróbase inicialmente unha axuda para unha vivenda sita no Cantón de San Bieito por valor de 5.587 euros.

79.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación de gastos e ingresos das actividades dos meses de abril, maio e xuño do ano 2008 da Rede Sociocultural.

Apróbanse gastos por valor de 40.000 euros e ingresos por valor de 15.957 euros.

80.- Proposta da alcaldía relativa ao cambio de numeración de rúas.

Acórdase que os números 20, 21 A e 22 da rúa da Fonte dos Concheiros pasen a integrarse na rúa de Pamplona.

81.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ratificación do convenio urbanístico entre o Concello de Santiago e a USC para a obtención da parcela SC-2 da OE-5 (Galeras) (con destino para ambulatorio) e para a cesión á USC de terreos situados ao oeste da estrada de San Lourenzo pertencentes ao equipamento EU-2 adscrito ao SUD-1.

Ratifícase o convenio tendo presente, dun lado, a necesidade de ampliar as dotacións de natureza asistencial-sanitaria e considerando adecuada a implantación dun centro de saúde na zona vella (parcela SCG da ordenanza especial 5-OE-5 de Galeras- Entrerríos) e sendo necesario para iso a aportación polo Concello ao SERGAS da parcela obxecto de convenio (SC-1- 837,89m²) para que xunto coa parcela (SC-2- 958,62m²) xa cedida, poida implantar ese equipamento. Así mesmo, cédense á USC os terreos situados ao oeste da estrada de San Lourenzo (total: 10.630 m²).

82.- Proposta da concelleira delegada Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto modificado número 1 da urbanización do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.

Apróbase definitivamente o proxecto.

83.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle do quinteiro 16 do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle do quinteiro 16 do SUNP-22 de Castro de Abaixo. O proxecto someterase a información pública durante o prazo de 20 días.

84.- Proposta da alcaldía relativa á creación dunha comisión para a avaliación dos proxectos gañadores no concurso de ideas para a reordenación da Praza de Galicia.

Apróbase a creación da devandita comisión formada por:

- Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira de Urbanismo.
- Bernardino Rama Seoane, concelleiro de Infraestruturas.
- Socorro García Conde, concelleira de Rehabilitación e Casco Histórico.
- Enrique Prado Seoane, xefe do servizo de Programación e Proxección.
- Javier Fernández Muñoz, xefe do servizo da Oficina de Rehabilitación.

Secretaria:

- Berta Rosón López, directora da Área de Urbanismo e Infraestruturas.

85.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa para dar a conformidade á proposta da Comunidade Autónoma de Galicia de cesión ao Concello de estradas autonómicas no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello para a execución de actuación en contornos urbanos con ocasión do Ano Santo 2010.

Dáse conformidade á proposta da Comunidade Autónoma de cesión ao Concello das seguintes estradas:

ESTRADA	DENOMINACION	TREITO A CEDER e LONXITUDE	RUAS COAS QUE SE CORRESPONDE
AC-253.	De N-550 á Ponte da Rocha .	De N-550 á Ponte da Rocha. · 800 m de lonxitude.	(correspóndese coa rúa POZA REAL DE ARRIBA) .
AC-548 .	A Rocha (N-550) - Vidán (AC-543).	Nova estrada enlace N-550 e C-543. · 1040 m de lonxitude.	(correspóndese coa parte da estrada que vai dende a rotonda da rocha a de Vidán : Rúa XOSE FIGUEIRA VALVERDE) .
AC-251.	A Sionlla (N-550)- Estación da Sionlla	A Sionlla (N-550)- Estación da Sionlla . · 340 m.	(lugar de Formarís) .
AC-261	Lamas (AC-960)- Ponte Sar	Ponte Marzán (p.k. 9+600) - Ponte Sar (11+200) . · 1600 m de lonxitude.	(correspóndese coas rúas; PONTE DO SAR, CRUCEIRO DE SAR, RUA DE SANDINO, RUA PONTE MARZÁN) .
AC-262	A Susana (AC-960)-Estación da Susana.	A Susana (AC-960)-Estación da Susana. · 260 m de lonxitude.	(correspóndese co parte da rúa de SERGUDE, parte da rúa ARREDULLO, o resto ata Estación da Susana sen denominación).
AC-462	Marantes (N-550)- Estación de Berdía.	Marantes (N-550)-Estación de Berdía. · 4.300 m de lonxitude.	(vai dende lugar de CORTOS pasando polo lugar EIREXE, e lugar de Estación Berdía).
AC-543 :	Santiago de Compostela (AC-543)- Noia (AC-550)	Vidán (p.k. 0+000)-Brandía (p.k. 0+500) . · 500 m de lonxitude.	(vai dende a rotonda de Vidan hasta a de entrada da urbanización de Brandía). (Correspóndese co parte da rúa XOSE FIGUEIRA VALVERDE) .
Acceso Estadio Municipal de San Lázaro e Monte do Gozo , correspóndese coa rúa das Estrelas			

86.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do servizo da Área de Acción Social.

Apróbanse as devanditas bases.

87.- Inicio expediente de contratación das Obras de nova capa de rodadura en REBORDAOS-SON DE ABAIXO, incluídas no Plan de Cooperación Provincial Adicional 1/2007 1ª fase.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 119.803 euros.

88.- Inicio expediente contratación Obras de Reforzo do firme na vía pública M-54-V entre Carballal e Codesedas, incluídas no POS 2008 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 111.562 euros

89.- Inicio expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública Camiño dos Vilares-Rúa doTambre, incluídas no POS 2008 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 100.770 euros

90.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de comidas durante a celebración da "Festa dos Miores 2008" no recinto feiral de Amio en Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 29.000 euros.

91.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Nova capa de rodadura na rúa do Tambre, incluídas no POS 2008 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 152.661 euros

92.- Inicio expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública R-3-V entre Mercalicia e A Gracia, incluídas no POS 2008 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Aprobábase o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto cun tipo de licitación de 134.043 euros.

93.- Inicio expediente de contratación das Obras de Pavimentación do Núcleo de Silvouta e Acceso, incluídas no POS 2008 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a contratación das citadas obras por concurso e procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial o 22 de febreiro de 2007, establecéndose un tipo de licitación de 181.851 euros

94.- Adjudicación do Servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

Adxudícase a licitación de referencia á empresa SERVICIOS Y MATERIALES, SA por importe de 1.016.796 euros/ano.

95.- Proposta dos concelleiros delegados de Infraestructuras e de Mobilidade relativa á resolución do contrato de execución das obras da nova sede de bombeiros en Salgueiriños.

Tralo ditame favorable á proposta de resolución do contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto executivo e a dirección facultativa das obras da nova sede de bombeiros, acórdase resolver por causa imputable ao contratista, o contrato de elaboración do proxecto básico e de execución e da dirección da obra. Os efectos da resolución contractual implican a incautación da garantía definitiva e a indemnización á Administración polos danos e perxuízos ocasionados no que excedan do importe desta. Ó obxecto de determinar os efectos económicos da resolución deberá elaborarse un informe técnico no que se determinen as cantidades que, conforme ao exposto, corresponda esixir ao contratista.

Así mesmo, resólvese por mutuo acordo o contrato de execución das obras, procedente a recepción e liquidación das executadas con arreglo ás instrucións do director da obra.

Iníciase o procedemento para a declaración da prohibición de contratar a Alberto Noguerol del Río.

96.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á realización dun concerto de presentación do 1º certame Musicaxove'08 de grupos musicais dos locais municipais de música para a Xuventude de Compostela.

Apróbbase un orzamento de 8.727 euros para o desenvolvemento dos labores de promoción dos grupos dos Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela.

97.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao desenvolvemento do Programa Didáctico "Comer cos cinco sentidos".

Apróbbase un orzamento de 16.219 euros.

98.- Proposta da alcaldía relativa a inclusión de dúas asociacións no Foro polo Civismo.

Acórdase incluír no Foro polo Civismo á Asociación Cultural Cidade Vella e ao Seminario Galego de Educación para a Paz.

99.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello para a construción dun pavillón polideportivo en Fontiñas.

Apróbbase unha addenda ao convenio entre as consellarías de Cultura e Deporte e Educación e o Concello, modificando a cláusula que fai referencia ás anualidades e aportacións económicas das partes, que quedarán do seguinte xeito:

	2008	2009	2010	IMPORTE TOTAL
Consellaría de Educación	150.000	383.332,67	300.000	833.332,67
Consellaría de Cultura e Deporte	75.328,68	400.000	358.005,32	833.334
Concello de Santiago de Compostela	300.000	416.666,66	116.666,67	833.333,33
TOTAL	525.328,68	1.199.999,33	774.671,99	2.500.000

URXENCIAS:

1.- Acórdase a adhesión ao convenio marco de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Fundación ONCE para cooperación e integración social de persoas con discapacidade para desenvolver programas de accesibilidade universal. Ao abeiro da devandita adhesión acórdase solicitar un novo convenio de colaboración singular entre ambas institucións e o Concello de Santiago para a realización dun proxecto de obras de accesibilidade para o ano 2008 por importe de 712.480 euros.

2.- Acórdase solicitar a inclusión do Concello de Santiago no programa REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA e solicitar á propia Deputación a achega de 13.566 euros.

3.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de montaxe, organización e coordinación dos actos de celebración da Festa dos Maiores 2008 por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 21.000 euros.

4.- Adxudícase a concesión de bens de uso público na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2008 e 2009 a Antonio Pombo Botana por 112.000 euros/ano.

5.- Adxudícase a asistencia técnica para o mantemento e a actualización informativa da páxina web municipal a Francisco García Novais por importe de 28.200 euros e un prazo dun ano.

6.- Abóanse as horas extraordinarias e o plus de transporte a diverso persoal municipal por importe de 48.861 euros.

7.- Acórdase dar a coñecer a participación do Concello de Santiago na convocatoria dos Premios Nacionais de Cultura, convocados pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, na categoría de Iniciativa Cultural, co PROXECTO TERRA.